


O CANDIL

Abril 1998

Nº 16



**COPLAS, CANTIGAS,
REFRÁNS,... DE BUEU**

O que pretendemos mostrar neste monográfico sobre as cantigas, ditos e paremias,... é simplemente unha recompilación de todas aquelas que están referenciadas como recollidas en Bueu ou o mencionan e que se atopan espalladas por algúns artigos ou libros. Tamén somos conscientes de que é moi difícil diferenciar o ámbito xeográfico de moitas coplas ou refráns polo que aínda téndoos recompilados non os mostramos senón se nos manifesta documentalmente ou se nos di expresamente, pola fonte de información, que pertence ó noso entorno aínda que se poida dar ou dicir noutros lugares.

Onde o dicir e o canta-la realidade de xeito crítico se mesturan, como pasan nas *coplas dos maios, entroido,...*, engadimos pequenas pinceladas por ser moita a cantidade e terlle destinado para iso unha posterior número da revista.

Animar desde aquí a outras persoas a que partindo desta pequena semente poida fructificar en traballos de máis ampla perspectiva e análise que oxalá sirvan para que as nosas xentes se unan cada ver máis o redor dun sentimento de pobo que valore a súa cultura e saiba e queira transmitilo.

Coma sempre queremos ser agradecidos con tódalas persoas que colaboraron ou simplemente nos animaron. Esta vez significar o interese por aportar dos alumnos da Aula de Adultos e, sobre todo, de Angelines e o seu marido José M^a Estévez Mosquera, dos que son tódalas variacións ou ampliacións a partir da páx. 14.

Os debuxos que ilustran a revista foron realizados polos alumnos de 6^o de Educación Primaria).

**Laparadas vitais saen da medula
dun pobo espallando experiencias
e sentimentos que serven de fragua
para acrisola-las intelixencias.**

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

Cantigas de Amigo

Queremos sumarnos á homenaxe que co gallo das Letras Galegas 1998 se lle render ós poetas-trovadores que cantaron ó mar de Vigo, en especial a Xoán de Cangas que cantou unha parte do noso concello: Sanamedio (Beluso).

Xoán de Cangas, viviu entre mediados e finais do século XIII. Non temos máis datos del có seu nome, unido a uns poucos versos que fan referencia á romaría de Sanamedio (Beluso). As súas composicións, pertence ó xénero chamado "*Cantigas de amigo*"¹ e dentro deste, na temática "*Cantigas de romaría*" (porque se desenrola ao pé dun santuario ou ermida).



Na primeira delas unha moza diríxese o seu "amigo" citándoo na ermida de Sanamedio...

Cancioneiro de Xoán de Cangas

CANTIGA 1

**Amigo, se mi gram ben queredes,
id'a San Mamed'e veer-m'edes
oje non mi mençades, amigo.
Pois mi aqui ren non podeades dizer,
id'u ajades comigo lezer:
Serei vosqu'en San Mamede do Mar
na ermida, se min-o Deus aguisar:
oje non mi mençades, amigo.**

Cancioneiro da Vaticana nº 875

I

Amigo, se me queredes ben,
ide a San Mamede e alí me veredes;
pero hoxe non me mintades.

Xa que aquí non me podeades dicir nada,
ide a onde teñades lecer comigo:
pero hoxe non me mintades.

Estarei convosco en San Mamede do Mar,
na ermida, se así Deus o quiser;
pero hoxe non me mintades.

"Os Trovadores do Reino de Galiza".
por Mercedes Queixas Zas. Edit. A Nosa Terra. 1997

¹ As cantigas de amigo son composicións postas nos labios dunha muller que, lamentándose pola ausencia do seu namorado, se dirixe ao seu amigo.

CANTIGA 2

En San Mamed'u sabedes
que viste-lo meu amigo
oj'ouver'a seer migo;
mia madre, fé que devedes,
leixedes-mi-o ir veer.

O que vistes esse dia
andar por mi mui coitado
chegou-m'ora seu mandado;
madre, por Santa María
leixedes-mi-o ir veer.

Pois el foi d'atal ventura
que sofreu ta muito mal
por min e ren moi lhi val,
mia madre, e por mesura
leixedes-mi-o ir veer.

Eu serei por el coitada,
pois el é por mi coitado;
se de deus ajades grado,
madre ben aventurada.
leixedes-mi-o ir veer.

Cancioneiro da Vaticana nº 873

CANTIGA 3

Fui eu, madr', a San Mamed'u me cuidei
que vess'o meu amigu'e non foi i;
por mui fremosa que triste m'en parti
e dix'eu como vos agora direi:
pois i non ven, sei ûa ren:
por mi se perdeu, que nunca lhi fiz ben.
Quand'eu a San Mamede fui e non vi
meu amigo con que quisera falar,
a mui gram sabor, nas ribeiras do mar,
sospirei no corazón e dix'assi:
pois i non ven, sei ûa ren:
por mi se perdeu, que nunca lhi fiz ben.
Depois que fiz na ermida oraçón
e non vi o que mi queria gram ben,
con gram pesar filhou-xi-me gram tristen
e dis[i] eu log'assi esta razón:
pois i non ven, sei ûa ren:
por mi se perdeu, que nunca lhi fiz ben.

Cancioneiro da Vaticana nº 874

II

En San Mamede, onde sabedes
que vistes o meu amigo,
hoxe vai estar comigo;
¡madre!, por Santa María,
debedes deixarmo ir ver.

O que vistes ese día
andar por min moi coitado,
mandoume agora o seu recado;
¡madre! por Santa María,
debedes deixarmo ir ver.

Pois a súa ventura foi tal
que sufriu moito mal
por min, e non lle vale nada;
¡madre! por mesura,
debedes deixarmo ir ver.

Eu estarei por el coitada,
xa que el tamén está coitado por min;
¡nai ben aventurada!,
debedes deixarmo ir ver.

"Os Trobadores do Reino de Galiza".
por Mercedes Queixas Zas. Edit. A Nosa Terra. 1997

III

Fun eu madre, a San Mamede, onde pensei
ver o meu amigo, mais el non foi alí;
tan fermosa como triste marchei de alí
e dixer tal e como agora vos direi:
*pois o meu amigo non vén, digo unha cousa:
perdeuse el por min, mais eu nunca lle fixen ningún ben.*

Despois de rezr unha oración na ermida
e non ver a quen tanto me quería,
entroume unha gran tristeza e un profundo pesar,
e dixer entón eu esta razón:
*pois o meu amigo non vén, digo unha cousa:
perdeuse el por min, mais eu nunca lle fixen ningún ben.*

Despois de rezar unha oración na ermida
e non ver a quen tanto me quería,
entroume unha gran tristeza e un profundo pesar,
e dixer entón eu esta razón:
*pois o meu amigo non vén, digo unha cousa:
perdeuse el por min, mais eu nunca lle fixen ningún ben.*

"Os Trobadores do Reino de Galiza".
por Mercedes Queixas Zas. Edit. A Nosa Terra. 1997

Cantigas populares

Englóbese baixo esta denominación xenérica a unha gama, moi abundosa, de composicións cunha métrica dos versos (ritmo, rima, cantidade silábica,...) variada. As numerosas son as de catro versos octosílabos con rima asonante ou consonante dos pares e as de tres versos –triádes ou cantos de pandeiro- con rima asonante ou consonante do primeiro e do terceiro.

Non é doado facer unha clasificación definitiva de tódolos cantares podéndose botar man das divisións que tanto Murgía coma Risco coinciden: das festas do ano (Aninovo, Reis, Maíos e Nadal), tamén hai cantigas de romaxe, que se cantan camiño dos santuarios; outras son as de divertimento: muiñeiras, ribeirás, fandangos, cantos de pandeiro, alboradas, regueifas, alalás e foliadas. Tamén as hai para o acompañamento do traballo: de sega, das espadelas do liño, da vendima e de arrieiros; nos fiadeiros has cantigas de desafío. E. por último, hai cantigas de berce, para adormentar os nenos.¹

Destes apartados poremos uns pequenos exemplos que coincidan coa estrutura métrica máis abundante ou simplemente que poida ser de interese. Noutro momento saíran outras revistas monográficas destas festas.

¹ Xosé Ramón Mariño Ferro. *Cultura Popular*. Biblioteca 114 nº 33. *El Correo Gallego*. Páx. 52-54 Historia de Galicia. No apartado *Música e danza* de Emilio Pita . Páx.769.

Cantiga de Nadal

Durante as festas do Nadal era costume xuntarse grupos de xentes e percorrer os lugares da parroquia cantando de porta en porta cancións con letras alusivas á festividade (Nadal, Aninovo e Reis). Estas letras son en castelán, non se saben desde cando, segundo uns por mandato conciliar e segundo outros por que ese era a lingua empregada por aqueles dar (fidalgos, burgueses, etc.) que mellor aguiñaldo lles podían. Estes grupos están compostos por *catro pernadas* ou agrupacións de persoas que contaban a historia e respóstabanse uns ós outros, facéndose acompañar de gaita, pandeiro ou outros instrumentos sinxelos de percusión.

A cantiga que transcribimos a continuación atópase no libro *Reconocer Bueu* de D. José M^a Estevez Castro¹ coa seguinte nota: “Recogido de Erundina Estévez Aval, en 1970. Era mujer muy animosa y conjuntamente con otros muchas más personas ensayaba a las niñas, que entonaban las canciones con letrilla diferente e ésta, que era para hombres. Eran vestigios de fe, que han ido desapareciendo, y ello supone perder una tradición.”

Actualmente retomouse a tradición e de novo grupos de xentes recorren os nosos lugares animándonos cos seus cantares. Como poderemos observar, na transcripción que se fai das pernadas que actualmente se cantan (na seguinte páxina).

A Belén camina la Virgen María
 lleva a San José en su compañía
 a su amante firme no ha de olvidar;
 antes de las doce a Belén llegar
 fueron caminando y luego encontraron
 con dos pasajeros y les preguntaron
 si hasta Belén hay mucho que andar;
 antes de las doce a Belén llegar.
 Respondió uno de ellos,
 no le vi en mi vida,
 dama tan hermosa,
 rosa tan florida,
 a un hombre viejo
 no se le puede dar:
 antes de las doce a Belén llegar,
 Respondió María,
 siendo tan discreta,
 Dios nos ha juntado
 y estoy contenta,
 por otro ninguno
 no le he de dejar:
 antes de las doce a Belén llegar.
 Respondió José, siendo vos servido
 ella es mi esposa, yo soy su marido,
 testimonio traigo para presentar;
 antes de las doce a Belén llegar.
 Fueron caminando en conversación
 diciendo palabras de mucha atención

son palabras santas, dignas de adoración
 antes de la doce a Belén llegar.
 Si gustan que vaya en su compañía,
 de la noche oscura yo seré la guía;
 el camino sé y no lo he de errar:
 antes de las doce a Belén llegar.
 Fueron caminando y luego encontraron
 un portal viejo y mal preparado,
 hicieron con firme y allí se quedaron:
 antes de las doce a Belén llegar.
 A las doce y cuarto
 San José prepara leña
 para calentar la Virgen
 que de frío se hiela,
 y cuando San José encendió la luz,
 encontró la figura del niño Jesús.
 San José llora de gozo
 y de esta manera decía:
 cuando he merecido yo,
 ser esposo de María.
 La Virgen le dice: no llores José,
 todo lo dispuso el Dios de Israel.
 En aquel pesebre ha nacido el niño
 entre paja y hierba el Verbo Divino.
 Qué dicha tan grande vamos a adorar:
 antes de las doce a Belén llegar.

¹ *Reconocer Bueu*, de José M^a Estévez. Deputación de Pontevedra. 1996. Páx. 296

CANCIÓNS DE NADAL CANTA HOXE NA PARROQUIA DE CELA

Como hoy es Noche Buena
aquí llegamos a cantar
recorriendo los caminos
de toda la vecindad.

Y con cantos alegres
queremos saludar
a las familias en casa
hoy nos vienen a mirar. } *bis*



- 1^a A Belén camina / la Virgen María / lleva a San José¹
2^a en su compañía / a su amante firme
3^a de nunca olvidar
4^a antes de las doce a Belén llegar
- 1^a Fueron caminando / en conversación / diciendo palabras
2^a De gran atención / son palabras santas
3^a de nunca olvidar
4^a antes de las doce a Belén llegar
- 1^a Fueron caminando / y luego encontraron / con dos pasajeros
2^a Y les preguntaron / si para Belen
3^a Hay mucho que andar
4^a antes de las doce a Belén llegar
- 1^a Fueron caminando / y luego encontraron / con un portal viejo
2^a Y mal preparado / se hicieron conforme
3^a Allí se han quedado
4^a antes de las doce a Belén llegar
- 1^a A donde camina / quisiera saber / un hombre de noche
2^a Con una mujer / si la lleva hurtada
3^a No es de imaginar
4^a antes de las doce a Belén llegar
- 1^a Amante José / aquí nos quedamos / amparo del cielo
2^a Al fin tendremos / una noche sola
3^a Bueno es de pasar
4^a antes de las doce a Belén llegar
- 1^a Respondió María / siendo tan dispuesta / Dios nos ha juntado
2^a Estoy muy contenta / por otro ninguno
3^a No lo he de cambiar
4^a antes de las doce a Belén llegar

¹ Queremos que esto sexa tamén unha homenaxe e agradecemento a tódalas persoas que forman parte destes grupos que recuperan e reviven parte da nosa cultura e tratan de que os máis novos a coñezan e valoren. Os números 1^a, 2^a, 3^a e 4^a indica a *pernada* ou grupo que canta eses versos.

- 1ª Respondió José / si a Dios he servido / ella es mi esposa
 2ª Yo soy su marido / testimonio traigo
 3ª Para presentar
 4ª antes de las doce a Belén llegar
- 1ª Respondió uno de ellos / no he visto en mi vida / dama tan hermosa
 2ª Rosa tan florida / para un hombre viejo
 3ª Mal se puede dar
 4ª Antes de las doce a Belén llegar
- 1ª Acuestate esposo / que vendrás cansado / y por mi no tengas
 2ª Pena ni cuidado / si llega la hora
 3ª Yo te he de llamar
 4ª antes de las doce a Belén llegar
- 1ª En aquel pesebre / ha nacido un niño / entre paja y hierba
 2ª El verbo divino / que dicha tan grande
 3ª Vamosle adorar
 4ª antes de las doce a Belén llegar
- 1ª El como era rey / de tanto poder / no faltaron reyes
 2ª Que lo fueran ver / con rodilla en tierra
 3ª Para le adorar
 4ª antes de las doce a Belén llegar
- 1ª + 2ª Iba la virgen María / y su esposo San José / los dos en buena armonía.
 3ª + 4ª Caminando hacia Belén / y la noche se aproxima / y pasando de las doce /
 la entrada es prohibida.
- 1ª + 2ª Y llegaron a Belén / la puerta estaba cerrada. (bis) / Tuvieron que descansar /
 los dos en la misma cuadra.
 3ª + 4ª Y allí nació Jesús / entre las hierbas y la paja
- Todos y el ganado con su aliento / a ese niño calentaba.
- 1ª La Virgen María / ha dado a luz.
 2ª un hijo divino / se llama Jesús.
 3ª Que fue fecundado / por obra de Dios,
 4ª por eso le llaman / el hijo de Dios.
- (C.C.P.) 21-12-82
- 1ª + 2ª Venid pastorcillos / venid adorar
 3ª + 4ª al rey de los cielos / que ha nacido ya.
- Todos Su madre en la cuna / besándolo está / oro, incienso y mirra / tributo le da.

Por tradición
 hoy aquí cantamos

Muchas familias
 hoy visitamos

Muchos vecinos
 hoy visitamos

felices Pascuas
 de Navidad.

El nacimiento
 hay que celebrar

El aguinaldo
 no es de olvidar.

Cantiga dos Reis

De Oriente salen tres reyes
 por una estrella guiados
 entran en Jerusalén;
 a voces van preguntando
 donde vive el que ha nacido,
 Rey de todo lo creado.
 Herodes, que aquello oye
 todo se quedó turbado,
 temiéndose de aquel niño
 que le quite su reinado,
 preguntareis a los reyes,
 qué señal habrán hallado.
 Una estrella que hemos visto
 cuya ilumina su rayo
 al todo el mundo ilumina.
 Su resplandor es muy claro
 preguntareis diligentes.
 Herodes dijo a los Magos,
 por el niño volveréis
 que aquí os quedo aguardando,
 me traeréis la noticia
 si acaso le habéis hallado,
 pues que sea el Rey del mundo
 sea por bien adorado.
 Se partieron los tres Reyes, sus jornadas caminaron
 hasta llegar a Belén, donde el niño Dios hallaron.
 Llenos de un celestial gozo, a adorarle comenzaron,
 y con esta adoración, casa uno por su grado,

le ofrecen con devoción lo dones que le han llevado
 Baltasar le ofreció incienso, después de besar su
 mano
 oro le ofreció Gaspar, como rey mas potentado
 y Melchor le ofreció mirra, que es de sepultura y
 llanto.
 Con este gozo contento, en un sueño se han queda-
 do;
 vino un aviso del cielo, que les ha noticiado,
 que no vuelvan por Herodes, que eso no conviene
 al caso.
 El Rey Herodes quedó de todo el mundo burlado;
 se partieron los tres Reyes por otros caminos llanos.
 Pues nació el niño Dios,
 nuestro remedio y amparo
 en el vientre de María
 concebido y sin pecado.
 Virgen siempre, siempre Virgen
 antes y después del parto.
 En el parto, pues que obró
 el divino Espíritu Santo.
 Alumbras los corazones
 a todo fiel cristiano.
 Vivan todos los señores que habitan en el Palacio.
 Vivan con felicidad por muy dilatados años.
 A honra de este misterio le pedimos aguinaldo.
 Que nos mandan los reyes, a honra del Encarnado

Esta cantiga atópase no Libro de D. José M^a Estévez Castro en *Reconocer Bueu*. Deputación de Pontevedra. 1996. Páx. 297 coa seguinte nota: “Obtenido de Manuel Bernardez, del Outeiro, uno de los componentes –durante muchos años- de un grupo de Cantores que salían a la calle, por Navidad y Reyes. No tendrían buenas voces, pero sí entusiasmo, bien embozados y con mantas para resistir el frío, pues hasta muy de madrugada visitaban muchas casas, y en ellas había buen vino o un aguardiente aceptable, mejor que mejor. Las bombas que lanzaban, denotaban el recorrido que iban haciendo.”

Cantigas de Maio

Dos maios non se ten constancia de que houbera moita tradición aínda que hai quen lembra de facelos e andar polos lugares cantando e pedindo algo para comer. Como “retomador” dos maios en Bueu temos a Agustín Gutiérrez que ten o grande mérito de non só construílos de xeito tradicional senón que os mellorou na súa estética utilizando os mesmos elementos de sempre; tamén tiña tarefas de coplista e director.

MAIO – 1977

Amiguiños todos
xa estamos eiquí
coa lingua afiada
como un bisturí.

.....

Na roda do tempo
hoxe volve o maio
como volve o cucú
o cabo dun ano.

(Dirixe Agustín Gutierrez)


REVOLTOSO – 1989

Aquí estamos a cantar
neste mes que xa florece
para contarlle catro cousas
a ver o que lle parece.

.....

O maio que aquí traemos
Fixémolo pro ocasión
Con pampullos e fiuncho
Para segui-la tradición.

(Dirixe Agustín Gutierrez)



O noso colexio non foi alleo a esta manifestación popular da man do profesor D. Francisco Dopazo Pérez, coa axuda de D. Fernando Macias Yáñez que a finais dos anos oitenta alegraban as rúas de Bueu en competencia cós de D. Agustín.

Os dous primeiros maíos tiveron nomes como *Os atrevidos* (composto por nenos maiores) e *O pequeniño* (por nenos de ciclo inicial de EXB).

Maio O PEQUENIÑO

Sómo-los pequeniños
e vímoslle a cantar
alegando esta festa
que non se debe olvidar.

.....

O noso gusto sería
dicímoslle de corazón
que sexamos máis pro ano
a segui-la tradición.

O Colexio de Beluso tamén atópase entre os pioneiros no mantemento desta tradición e como para mostra “sirve un botón” vemos que no ano 1988 o maío *Os Laretas da Escola* cantaban:

Para facer este maío
con tantos colgantes novos,
algún tivo que quedar
sen as flores e os ovos.

As Asociacións *Danzadeira* de Cela e *Tres Barrios* de Bueu tamén recolleron a testemuña de dar a coñecer os máis xoves unha parte da cultura popular. Non esquecemos aquel ano de 1988 onde cos *Revoltos* e *Criticóns* andaba polas rúas de Bueu *O Muíño*, así como, quizáis os últimos que houbo ata agora, no 1996 os *Tres barrios* e o *Cuadrado*.

Maio O MUÍÑO

A chegar a maío
da florecen as flores
xa temos máis vida
e máis alegría

E sentimos por todo
Maior simpatía.

.....

Tres Barrios -199

Maio CUADRADO

Este maío pequerrecho
da Carrasqueira e Valado
mandalle un saúdo a todos
inda que sexa cuadrado.

.....

Tres Barrios -1996

Cantigas de divertimento

Muiñeira:

Mozas que tendes irmáns
ter cuidado cos cuñados
que non vaia a vir o demo
e os colla no pecado
*ai lalá, ai lalá, la.*¹

Antroido:

Nos somos os profetas²
que polo mundo vamos
sin pompas nin reclamamos
para profetizar...

.....

Aquí está este pobre vello
con un fato de filliños
que anda polo mundo adiante
para dar vos conselliños.¹

.....

Toda unha institución no Antroido foron 'As Pirilleiras':

Chegamos os Pirilleiras
en tempos de Carnaval
pra cantar e alegrar
as xentes de este lugar.

Nos últimos tempos o Antroido de Bueu esta a vivir os mellores momentos da súa historia non só polo número e calidade das comparsas (As Pirilleiras, Os Mulos, Os Peneques, A Panda Güai, Chámanlle X, As Expulsadas, As Máis Faladas, Os Mirachilis, etc. etc.) senón polo grande número de persoas integrantes das mesmas.

¹ Da murga *De los cuatro ojos* no Antroido de 1928. Coa música de *Muiñeira de Soutelo*.

² Da comparsa *Los Profetas* de 1912.

A ILLA DE ONS

Por Alvaro das Casas²


Neste artigo de Alvaro das Casas faise unha breve descrición xeográfica, histórica e etnográfica das Illas de Ons, no que se recompilan coplas. Este artigo, xunto ós de Xurxo Lourenzo,³ Salustiano Portela Pazos⁴, Xohán Carballeira,⁵ etc. que serven de referencia sempre que se fala dun recuncho tan entrañable como este. As cantigas que van en letra cursiva e tamaño máis pequeno son ampliación e variantes aportadas por D. José M^a Estévez Mosquera e Angelines, a súa muller.

Dentro das que el chama como de ‘*Relacións xocosas*’ pon as únicas tres que puido recoller:

RELAZÓNS XOCOSAS

Lourenziño poucas barbas,
grandísimo belloqueiro,
non che acorda cando fumos
a redor daquel palleiro,
e no muiño no inverno
caímos peito con peito?
Pois seor Alcalde
o conto non tivo remedeo
pois sacamos un neno
grande como un bercerro.

Elas eran tres comadres
en un barrio todas três;
fixeron unha empanada
para ire ao San Andrés.
Unha xuntou trinta ovos,
outra xuntou trinta e tres.
Alá pol-a media noite
veu o marido outra vez
e pau nunha e pau na outra
e pau en total-as tres.



Hai bo baile en Esteiro
mais co neboeiro
non se mira o sol.
Dixo o zapateiro
que é torto dun ollo
e coxo dos pés;
quen por cinco cartos
non baila hastra as dez?.

¹ Entroido de 1929. *Consellos as d'a roupa rabela. Letra de manuel Ambrosio Barros.*

² Álvaro das Casas. REVISTA “NOS” 131-132, ano 1934 páx. 173-181

³ Revista NÓS, números 124-125.

⁴ En Cadernos de Estudios Galegos (XXVII) de 1954.

⁵ Sobre todo os seus artigos en *El Pueblo Gallego*

CANZONEIRO

Téñome de ir a la Habana
co-as intenzóns de volver
e si te alcontro casada
a sangue che hei de beber.

*Arre pun que cho meto
son tres lugares
Puerto Rico, La Habana
y Buenos Aires.*

As esfoladas do millo
non dan proveito a ninguén;
miña muller foi a ela
i-esfollárona tamén.

Marica berrou co xenro
na carballeira de embaixo
porque lle picou un toxo
que levaba no refaixo.



Agora que me puxeches
con a barriga redonda
ou has de casar conmigo
ou m-has de pagar a honra.

Ai si bebín si bebín pol o xerro,
ai si bebín si bebín fixen ben;
ai si bebín si bebín pol-o xerro
era de noite e non me víu nin-
guén.

Eu pasei por Camariñas
por Camariñas cantando;
as nenas de Camariñas
quedan no rio lavando.

Pra un abonda cun pau
pra dous traio unha navalla;
para catro valentóns
traio un revolver na faixa.

Ao pasar as illas de Ons
acordacheme meniña,
agora que van pasadas
coma se nunca che vira.

Todo o mal que me fixeches
has de mo ter que pagar:
nin m-hei de casar contigo
nin ch-hei de deixar casar.

Desafío, desafío
desafío de navalla;
nunca funa a desafío
contigo cara labada.

Mórrome pol-a peneira,
mórrome por peneirar;
mórrome por ter amores
na outra banda do mar.



Catroce voltas fixemos
para montar o Centulo,
e quixo a Virxe do Camen
que viñesemos pra o Curro.

Ofrecícheme unha tunda
choqueiro de Redondela,
ofrecícheme unha tunda
e agora veño por ela.

*Rabeache pola peneira
rabeache por peneirar
rabeache por ter amores
rabeache por te casar.*

O día de San Manoel
hei de estrenar un vestido
de color do caravel.

Pica canteiriño pica,
pica na pedra miúda,
pica na muller allea
que outro picará na túa.

Como che vai en Cambados
co-as tuas cambadesas,
que eu tamén vou a Noalla
co-as miñas noallesas.

Vai de h́ pernas de cabra
pantorrillas de carneiro;
si queres falar conmigo
busca fianza primeiro.

Aínda onte fun á feira
por mandato de teu pai
e vendín por vinte pesos
á porca de túa nai.

Bailador que andas bailando
sacude ben os calzóns,
que parece que traes neles
un ferrado de abellóns.

Adios a miña meniña
tocadora do pandeiro,
esas son as mazarocas
que me traes do fiadeiro.

Eu andar ando co gando
a herba non lla comín,
agora fanma pagar
magoadiña de mín!.

Pol-o mar de Redondela,
pol-o mar embaixo vai
quen no corazón me leva.

Outra versión:
*O carballo da Portela
ten a folla revirada,
que lla revirou o vento
unha mañán de xiada.*

O loureiro da Portela
ten a folla revirada,
que lla revirou o vento
unha noite de xiada.

Aínda non me fas calar
co-a tua sabedura;
os cravos que necesita
xa llos din á ferradura.

De noite fumos ao Faro
unha meniña e mais eu;
ela non sabía nada;
todo o traballo foi meu.

A vara de San Xosé
todol-os ano frolece.
Viva San Xosé bendito
que é un santiño que o merece.

Que me dera voar tan alto
como a estrela do norte,
para ver o que pasas
en Santa Uxía esta noite.



Eu ben cho dixen meniña,
eu ben te desengañei,
dixente que era casado,
agora que che farei.

*Inda onte me dixeran
vindo do adro de Ermelo
que che apalparon nas tetas
e mailo remendo negro.*

O caravel cando nace
chámanlle caraveliño;
tamén as fillas dos cregos
chámenlle ao pai señor tío.

Ando tras do porco negro
que no corral non parece;
ese que roncou ehí
él no roncar non parece.

*Que tienes, que tienes
que voy a tener
me casé con un hombre
me salió mujer.*

Curazón alumiado
dime quen che alumiou.
-Unha nena de quince anos,
a dazaseis non chegou.

O meu amor que ha de ser
aínda non veu acá hoxe
-Si ha vir aínda non tarda
que ten o camiño lonxe.

*Por un ratito de placer
que una mujer puede dar
hijos hay que mantener
y sus caprichos pagar.*

Pasei pol-a tua porte
pedín auga e non m-a deches;
cando pases pol-a miña
farei o que ti fixeches.

Este ano hai moito millo,
casamentos que ha de haber;
hase de casar a fame
con a gana de comer.

O loureiro cando nace
na punta ten un enredo;
o galán cando namora
nuca tan os ollos quedos.

O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira;
así fai a boa moza
cando non hai quen a queira.

O pandeiro está furado
pol-a esquiniña de enriba;
o galán cando é de noite
anda por perder a vida.

O viño e mail-a silveira,
Deus o dea, Deus o dea
para os mociños solteiros.

Unha noite no miuño
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira
esa si que é miuñada.

Para aquel que quero eu,
miña viña vendimada!...
para aquel que quero eu
xa non me sirves de nada.

Para que me casei eu,
solteiriña ben estaba;
falaba con quen quería
e ninguén me decía nada.



Estas mociñas de agora
son poucas e bailan ben;
en tendo unha saia nova
xa non falan a ninguén.

*Os rapaciños de agora
xa non se lavan no río
que se van lavar á praia
xa non teñen tanto frío.*

Miña terra, miña terra,
terra donde m-eu criei,
terriña que quero tanto,
figueiriñas que eu prantei.

Esta miña pandereta
ten o aro de sanguíño;
tócana na Rivadavia
responde no Carballiño.

A tua honra meniña
xa pasou a Radondela;
si ma pagas a diñeiro
eu che direi quen a leva.

Carreira xa ten a sona,
Carreira xa a sona ten,
Carreira xa ten sona,
de cantar e bailar ben.

Ergue o sombreiro para enriba
que che quero ver a cara,
si non eres do meu gusto
anda, vaíte enhoramala.

Chamácheme moreniña,
chamácheme moreneira,
chamácheme moreniña,
i-eche do sol que me queima.

*Chamácheme moreniña
á vista de tanta xente
agora vaime quedare
moreniña para sempre.*

Achégate ben a ela,
bótalle o brazo por riba,
que ha de ser a tua dona
como a auga vai para riba.

Miña nai por me casar
ofrecéume bois e vacas,
dende que me viu casado
dóume unha cunca de papas.

*Non sei que ten a morena
non sei o que a morena ten
non sei que ten a morena
que todos lle queren ben.*

Aluméame luceiro,
luceiriño de fortuna,
aluméame luceiro
en canto non ven a lúa.

Moreniña como a menta;
non sei que ten a morena
que a todo o mundo contenta.

A carreteira do Faro
non a pasean chavales,
paséana mariñeiros,
pilotos e capitanes.

María, miña María,
María non teño outra;
unha mañán de xiada
mandeina lavar a roupa.



A lúa vai encoberta
ela se descubrirá:
anque teñas amor firme
non lle contes a verdá.

Pasei pol-a túa porta
tiñas as bolas no forno;
a ladra da túa nai
meteúme un pau por un ollo.

Si queres o desafío
mociña do pano ao curro,
si queres o desafío
heicho de dar ben seguro.

Pasas por min e non falas,
lévalo de fantasía,
ti pensas que me dás pena
e aínda me dás alegría.

Unha vella dixo a outra
pol-o burato da porta:
ti governa a túa vida
que a miña nada che importa.

A túa porta meniña
a túa porta ten lama,
bótalle retama verde,
bótalle verde retama.

Eu non quero desafío
con ningún da túa fía
quéroche decir palabra
que saía sempre por riba.

O pandeiro está furado,
ben furado e colle vento,
galán cando é de noite
non vai por perder o tempo.
Un home de tanta rendas,

despois de tanto saber
que n-ha de tragner consigo
os avíos de encender.

Moza que te estás penteando
debaixo dun laranxeiro,
ahcanza ben os cabelos
e pende ben o carreiro.

O zapato quer a media,
a media quer o zapato;
a meniña que é bonita
tamén quer un mozo guapo.

Canta ti, cantarei eu,
irémolos dous cantando;
cante quen tivere amores
que os nosos vánse acabando.

Dicen que non teño renda
para lle pagar ao Estado,
no pueblo de Santa Uxía
teño un salgueiro prantado.

Unha vella nun corral
dun cuesco matou un polo,
e si se descoida un pouco
mata galiñas e todo.



Eu non vou mais a Carreira, *Xa non vou máis a Beluso*
 a Carreira non vou mais *a Beluso non vou máis*
 que se pican as areias *que me pican as aréas*
 os amores moito mais. *os amores moito máis.*

Corrubedo non ten auga,
 se non ten eu lla darei;
 co as bágoas dous meus ollos
 Corrubedo regarei.

Miña nai e mail-a tua
 foron a unha romeiría;
 a miña viña borracha,
 a tua xa non se tiña.

Eu arriméime a un loureiro *Eu caseime por un ano*
 por saber si era calado, *para ver a vida que era*
 loureiro e paroleiro *o ano vai de remate*
 todo trae emparolado. *solteiriño quen me dera.*

Eiquí nenas, eiquí nenas
 arredor do meu sombreiro;
 héivos de casar a todas
 que teño moito diñeiro.

Pol-a miña porta pasa
 un regueiro de auga fría,
 para lle dar de beber
 aos amores de algún día.

Mociñas que o tendes, dai;
 eu cando non tiña dei;
 agora teño e non dou;
 cando non tiver darei.

Dame unha pinga de viño
 para mollar a garganta,
 para cantar como a rula
 verás como a rula canta.

Canta rula, canta rula
 canta rula no teu souto;
 que é o que estás esperando
 pol-o que ten na man outro.

Á tua porta meniña
 sementei o azafrán,
 tamén sementei amores,
 non sei si me nacerán.

Algún día por te ver
 abrín portas e ventanas,
 agora por te non ver
 total-as teño pechadas.

Eu caseime por un ano
 por saber que vida era,
 a vida non era mala...
 solteiriña quen me dera!.

Do teu corazón ao meu
 vai unha longa cadea,
 toda chea de sospiros,
 branca com'unha azuzena.

Abreme a porta María,
 ábreme a tua cancela,
 bótame á filla para fora
 que quero falar con ela.



Héime de casar en Loira,
que é terra de moito pan;
o forno da miña sogra
bota silvas pol-o vrán.¹

Adeus Santa Uxía fermosa,
a popa te vou virando;
a saída será boa,
a volta Deus sabe cando.

Adeus as illas de Ons
con ventanas e vidreiras,
non me pesa de mais nada
senón das mozas solteiras.

Manoela, Manoela,
Manoela do piorno
dime o millo que colleches
eu ben cho levo por conto.

Abreme a porta María,
ábreme a tua cancela,
bótame á filla para fora
que quero falar con ela.

Adeus miña queridiña,
millor xa cho levei;
se non qués casar comigo
aínda cho estimarei.

De xoellos vou ao fondo;
por causa dunha meniña
vou hastra o cabo do mundo.

*Heime de casar en Loira
anque sexa por un ano
porque cantas mozas vexo
todas son do meu agrado.*



Dígamo vosté señora,
digao vosté señoríña;
unha besta ben ferrada
cantos cravos necesita.

Eres negra com-o pote,
branca como a parromeira,
se non te casas de noite
de día n-hai quen te queira.

Non te quero miña vida
non te quero agora mais,
que xa te botei no olvido
onde botei as demais.

Eu cantar cantaba ben,
a garganta non m-axuda,
heina de mandar untar
cunha laranxa madura.

¹ Como Landín Carrasco sinala (*Cantares marineros gallegos*, Cuadernos de Estudios Gallegos. 1955.Páx. 270) que hai moitas variantes das que ofrece unha anotada por Valladares no seu Dicionario: “Eu caseime na montaña,/ por terra de moito grau;/ o forno da miña sogra / botaba silvas no vrau”

Para outros vas ao fondo,
para min andas nadando;
e ben querer dunha moza
anda no comer do caldo.

*Non sei que ten a morena
Non sei o que a morena ten
Non sei que ten a morena
Que todos lle queren ben.*

Moreniña como a menta;
non sei que ten a morena
que a todo o mundo contenta.

Toda a noite pesca, pesca,
sen coller peixe no mar;
alá pol-a media noite
vin un peixe a rebrillar¹.

A sardiña pequeniña
como brinca no panel,
pequeniña e ben feitiña
esí quer ser a muller.

Eu tirei unha laranxa
de Marín a Portonovo,
dentro daquela laranxa
ía o meu corazón todo.

*Lévame no carro leva
carreteiriño das uvas
non comerei das máis verdes
¡Ai! comerei das maduras.*

Unha vella moi ben vella
mais vella que o meu chapeu,
tratáronlle o casamento,
levantou as mans ao ceo.

Carreteiriño das uvas
lévame no carro, leva;
comerémolas maduras.

Carreira era bunitiña
por onde lle daba o sol,
e por onde non lle daba
era da mesma color.

Pol-a ribeira de Vigo
moito choraba mi madre
cando me dixo: adeus fillo.



¹ Variante: *rebillar/rebrilar*. Poema recollido en EL PUEBLO GALLEGO, 6-12-1935 Páx.-11 e asinado por Juan Car-balleira.

Cantares Mariñeiros Gallegos

Por Amancio Landin Carrasco¹

*A Bueu pola ría non se pode entrare
con tanto xeiteiro que sae pro mare
ei veñen ei van entrar e salire
a Bueu pola ría non se pode ire.*

*Sempre me andas dicindo
que eu non sei pescar o 'crongo'
eiche largar-la choupada
toque non toque no fondo.*

DE MARIÑEIROS

A vida dos mariñeiros
non é vida para nós,
están tres días en terra
e vintaoito en Leixós.²

A vida dos mariñeiros
non ten moito que envidiar,
tres días botan en terra
e vintaoito no mar.

Arma vela, arma vela,
mariñeiro do mar;
arma vela, arma vela,
que eu tamén a sei armar.

Dame lume, Sara,
pol-o vertedeiro;
dame lume, Sara,
que son mariñeiro.

*Se eres mariñeiro
non me importa nada
polo vertedeiro
dame lume, Sara.*

AMOROSAS

Teño lanchas, teño redes,
teño sardiñas no mar,
teño unha nena bonita;
xa non quero traballar.

Teño un amor na montaña,
teño un amor montañes;
teño un amor na montaña,
na ribeira teño tres.



¹ Amancio Landín, *Textos y Documentos: Cantares Marineros Gallegos*. Cuadernos de Estudios Gallegos –1955. Entresacado das páx.259-301

² Refírese á costa portuguesa de Leixoes.

Mariñeiriño da nosa ribeira,
de día traballa, de noite pineira;
de noite pineira, de día traballa,
mariñeiriño desta nosa praia.

Mariñeiriño da praia de Tuia,
de noite a o xurelo, de día á majúa¹;
de noite a o xurelo, de día á majúa;
mariñeiriño da praia de Tuia

O mariñeiro traballa
de noite e o meterse a lúa
e pol-a mañán cediño
ha de cheirar a frescura.

DE PORTOS, RIBEIRAS E PRAIAS

A praiña da Mourisca
é praia de moita fama;
da besugo, da xurelo,
robalizas e mais cabala.

Pin, pin
veño de Marín,
vou para Bueu
quen che quere a ti,
meniña son eu.

Dame un bocado de pan
pol-a nai que te pareu,
que che hei de dar un xurelo
cando veña de Bueu.

Fun a Muros a pescar,
pesquéi unha muradana,
si a pesquei fixen ben;
agora é miña madama.

*O muíño daque vello
o muíño daquel vello
rín, rín veño de Marín
vou para Bueu.*

*Eu ven lle sei ó 'tempelo'
quen che quere a ti
meniña son eu.*

*Cando está alto baixalo
cando está baixo erguelo.*

PIROPOS, DESDÉNS e FANFURRIÑADAS.

A o pasar a Illa de Ons
acordácheme, meniña,
e cando a tiven pasada
¡como si nunca te vira!²

Aquel mariñeiro da beira do mar,
aquel mariñeiro, quíxome levar;
quíxome levar e non me levóu.
aquel mariñeiro, que pena me dou.

Mar de Vigo, mar de Vigo,
mar de Vigo ten a neve
os teus ollos verten auga
e os paxariños a beben.

BURLAS, PULLAS E PICARDÍAS

Miniña, tan bonitiña,
a color ¿quen cha levóu?
Pasache a Ría de noite,
a y-auga de amareóu.

O cura de Courons
foi a os mexilóns,
resbalóu n-unha pedra
e rachóu os calzóns.

O noso patrón,
como era tan listo,
saíu retratado
nas caixas de mistos.

¹ Chaman *majúa* ó bolo pequeno.

² Da como mostra unha variación terráquea: *A pasar o regueiriño / díxenche que si, que si; / agora que xa o pasache / ¡malos días para ti!*

RELIXIOSAS

Nosa Señora da Guía,
a guía dos mariñeiros;
guiade á nosa cuadrilla
toda de mozos solteiros.

Nosa Señora de Cela
fixo unha casa na Illa,
para ver a os mariñeiros
como pescan a sardiña.

DO MAR, A NAVEGACION E OS METEOROS

Cabicastro pol-a Udra,
a Udra pol-o Centulo;
as mozas de Camariñas
quedan a lavar en Curro.¹

Non vou máis a o mar
con iste patrón
que no Con do Pego
perdeu o timón.

Vente, vento da Barrosa,
vente, vento Barrosán;
vente, vento da Barrosa;
quitame o remo da man.

*Vindo da illa con norte
ó pasar o con do Pego
topei un niño de corvo
nás barbas de Castroviejo.*

Vindo da illa con Norte
mirei unha rapaciña
no monte do Castro Viejo.

*Vin da illa con norte
con ventiño cascarrón
peguei un pulo na proa
fodinlle á filla ó patrón.*

¹ Variante deste cantar, que comeza cunha enfilación mariñeira, é o anotado por Bouza: *Eu pasei por Vilariño, / por Vilariño cantando; / as mozas de Vilariño / quedan no río lavando.*

As coplas galegas do padre Sarmiento¹

No chan que en Morrazo
chaman os galegos
chan de Pedrafitas
que chega hasta o ceo.

.....

Dalí, daquel chan,
tan alto en extremo,
se ve toda a vila
cos seus arrodeos;

se ve o mar bravo,
se ve o mar quedo,
de Ons e de Tambo
as illas ao lexos

.....

Uns da sega,
castelláns enxertos,
outros do mercado
volvían ao eido,

por seren os máis
amigos e deudos,
todos de Morrazo,
ou do seu terreo.

.....

Valía o que algúns
levaban no freo
máis que val Morrazo
de extremo a extremo.

.....

Boteille unha salve
demáis a que temos
en Quitapesares
que alí estamos vendo;

tamén a Santiago,
noso padroeiro,
lle recein mil cousas,
que xa me esqueceron.

.....

Valía o que algúns
levaban no freo
máis que val Morrazo
de extremo a extremo.

.....

Boteille unha salve
demáis a que temos
en Quitapesares¹
que alí estamos vendo;

tamén a Santiago,
noso padroeiro,
lle recein mil cousas,
que xa me esqueceron.

.....

De Maceda en donde
na feira do tempo
ben ten nove furcos
a bara de lenzo,

e que acá na vila,
en Morrazo o mesmo,
ten muita facenda
e muito terreo?

¹ *As coplas galegas do padre Sarmiento*. Edición, notas e limiar de Xosé Luís Axeitos. Edicións do Castro. 1981.

Vai por vos... Xente do mar

(A BUEU)

Por Francisco Landín Pazos¹

Campeño e mariñeiro,
Bueu sempre a traballar.
Coida as leiras polo día
e de noite vai pescar.

Quero pedirche, bon Deus
a traveso do cantar
peixe, agarimo e xusticia
pra os escraviños do mar.

Sempre que sae pro mar
di adéus o mariñeiro,
sabendo que un día ou outro
ha de ser o adéus darradeiro.

Viden ao peirao, rapazas,
que chega a marinería,
con bicos mozos que arelan
uns beizos por moradía.

Deus regalòulle a dous pobos
a praia de Lapamán.
Pra que eles, inmáns mareiros
día e noite dense a mán.

Virxe Santa dos Remedios,
pra o mar vaiche un mariñeiro;
énchelle as redes de peixe,
que son do meu compañeiro.

A moza do mariñeiro,
cando está pra se carsar;
fai tamén roupa de loito
sabendo o que vai pasar.

Xe chega a Dorna ao peirao,
peixe abondo ha de traer;
pero anque veña valeira,
chea ven co meu querer.

Negún pai quer que o seu fillo
deprenda oficio do mar,
máis dende ben pequerrecho
levo con el a pescar.

Por un mociño de terra
deixéi un mozo do mar,
dende que tal cousa fixen
non fago mais que chorar.

Non terés terras nen casa,
mozas do Cantodarea;
pero si unhas mans de ouro
coas que manter a quen seia.

¹ Francisco Landín Pazos, *Vinteseis ducias e media de cantigas ao xeito do pobo*. Transcribe: Carlos Epifanio Pérez no Diario de Pontevedra o 23-3-1998.

Refráns referidos ou recollidos en Bueu

REFRÁNS DE PESCADORES¹

- A poutada, a veces nada.
- A tilla, para o rapás.
- Arroaces na Ria, boureles tira.
- Catro cartóns fan unha parte.
- Ceba na area, ben para aldea.
- Coa proa dos barcos márcase o tempo.
- Cuberta Arousa, mala cousa.
- Chuva de morriña, nin peixe nin fariña.²
- ¿De Beluso? D'ala fuxo
- ¿De Bueu? D'ala son eu.
- De fiarme de mareas teño escarmento.
- Na praia de Lapamán colles lapas coa man.
- Na Robaleira, muxes na beira.
- Néboas en Cela, vento na Vela.³
- No xantar, prestan máis as do xeito que as da traiña.
- Nunca de peixe te fartas, si non conoces as marcas.
- O cinto na arte, tira pol-a parte.
- O curricán, non perdes pan.
- O fondo claro, o peixe raro.
- Os patrianos, fóronche paisanos.
- Peixe de lus o mellor é.
- Para buraces, a Pedra Blanca⁴
- Si a proa vai e ven, o tempo non se ten.
- Si ronca a area de Bon, cambios de tempo son.
- Vento das Illas Ons, malos son.

¹ Casto Sampedro y Folgar en *Refranero de los pescadores de las Rías Bajas*. Tomo VI (1951) Museo de Pontevedra. Páx. 111-118

² Variante: *Choiva de morriña, sin peixe nin fariña*.


³ En Clodio González. O.c. 2ª Edic. páx. 70: "*Néboa en Cela, vento na vela*"

⁴ En Clodio González. O.c. 2ª Edic. páx. 30: "*Para buraces a Pedra Branca*"

REFRÁNS NO REFRANEIRO DO MAR¹

- Nubes baixas de Udra a Adigna, mal tempo axiña.²
- Se vou no bou, vou, se non vou no bou, non bou
- Berra o mar en Lapamán, colle leña e coce pan
- Berra o mar en Lapamán, vento sur na man
- Berra o mar en Lapamán, vento sur á mañán³
- Noroeste pola noite,⁴ vento sur pola mañán.
- Na Robaleira, muxes na beira.

REFRÁNS RECOMPILADOS POR D. JOSÉ M^a ESTÉVEZ CASTRO⁵

- 
- A lúa de outubro, sete cubre
 - Cando a Candelaria rí, o inverno está por vir
 - Cando a gaivota anda á agravisela mal para nós e fame para ela.
 - Cando as gaivotas bailan a muiñeira, hai que guardar o millo na eira
 - Celajería “algodonada” do neroeste, ventada é
 - Ceo empedrado, piso mollado
 - Cerco na lúa, choiva segura
 - Con castañas asadas e sardiñas saldas, non hai ruin viño.
 - Entre col e col, leituga
 - Fun a Marín, nada fixen, nada vin
 - Maio chuvioso, verán caluroso
 - Marzo marzán, po-la mañan cara de can
 - Marzo marzote, po-la mañán cariña de rosa e po-la tarde cara de can.
 - Mentras tempo non ven, sazón non pasa.
 - Neboeiro na Armenteira, mariñeiro na ribeira.
 - Noroeste po-la tarde, vento o Sur po-la mañán.
 - Moito fume, pouco lume.
 - Cando a galiña pica ó galo, señal de pitos pro ano.
 - Non hai sábado sin sol, nin meniña sin amor.
 - De Dios abaixo, cada un vive do seu traballo.
 - Poda curto e ara fondo, terás viño en pan abondo.
 - Maceiras na horta, rapaces á porta.
 - Bo gaitero sempre foi bo casamenteiro.
 - Labrador larchán, nin colle viño nin pan.
 - Cásate, Xan, que Dios dará pan.
 - Home mullereiro acaba consigo e co diñeiro.
 - Home propón e Dios dispón.

¹ Clodio González Pérez en *O refraneiro do mar*. 1ª Edición: Deputación de Pontevedra (1987) e 2ª Edición: Edicións do Castro (1993). Elimináronse aqueles xa referenciados na páxina anterior.

² Udra de Beluso. A Adigna de Sanxenxo

³ Variante: pola / á

⁴ Variante: Noroeste pola tarde, vento ó Sur pola mañá

⁵ José M^a Estévez Castro en *Reconocer Bueu*. Deputación de Pontevedra. 1996. Páx.298-299. Elimináronse aqueles xa referenciados en páxinas anteriores.

- Dimpois de morto, nin viña nin horto.
- Noite crara en tempo de inverno, po-la mañán cara de “cuerno”.
- Non hai sardiña sin espiña.
- Norde oscuro, vendabal seguro.
- Nubes o Poñente, auga o día “siguiente”.
- Nunca de peixes te fartas, si non conoces as marcas.
- Nos meses sin erre, marisco non comas, nin marisco merques.
- Cinto na arte, tira po-la parte.
- Fondo craro, peixe raro.
- Oficio de mariñeiro, é andar co remo nas mans.
- Patrón que ben goberna a lancha, non sabe o que lle vai a pique na casa.
- Peixe de máio, que o parta o raio.
- Vento o sur amoroso, trai unha moza preñada, e o Norte iscarote, non trai moza nin trai nada.
- Onde hai patrón, non manda mariñeiro.
- Os patrons, fóronche paisanos.
- Papas e casamento, en quente.
- Peixe de luns, o millor é.
- Po-la boca morre o peixe.
- Po-lo fume sábese onde hai lume.
- Po-lo San Amaro, trompos ao faiado.
- Po-lo San Martiño, trompos ó camiño.
- Po-lo San Martiño, mata teu porquiño.
- Po-lo San Xoan, a sardiña molla o pan.
- Po-lo sí ou po-lo non, os cartiños no caixón.
- Polbo polbeiro, cabezudo e largueiro.
- Si Liboreiro se cubre, choiva trai.
- Tronada a leste, peixe á costa.
- Vento de mar e choiva da ria, fandango para todo o día.
- Neboeiro na montaña, marineiro na cabana.
- Ninguén se afoga en pouca auga.
- A muller que pega ó home, fai ben, xa que pode.
- A quen Dios lle dea, San Pedro lla bendiga.
- Que cava e bima ben, fará bóa vendima.
- Que non cava a terra, non sabe o que hai nela.
- Sementa bo allo e terás bo tallo.
- Amigo de un, amigo de ningún.
- Bo taberneiro antes de vender o viño, bautízao primeiro.
- Contra a norte non hai home forte.
- Forza, de mozos; e consello de vellos.
- Tan bon e Xan, como Perillán.
- Sogra, nora e xenro son a entrada do inferno.
- Taberna e muller botan ó home a perder.
- Bo amo, millor criado.

Miscelanea de paremias, cantigas, ditos...

- Mal tempo no seu tempo non é mal tempo
- Ó pobre a cama o tolle.
- Quen de mozo durme na cama de vello durme na lama.¹
- Norte do sábado non leva navio ó cabo.²
- Febreiro no solleiro, San Xoán no borralleiro³
- Se vou a Bueu nun Bou, vou; se non vou a Bueu nun bou, non vou.
- Ó que nada aboia.
- En martes nin te cases nin te embarques.
- Hai que saber nadar e gardar a roupa.
- A río revolto ganancia de pescadores.
- Cando marzo maiea, maio marcea.

Manoliño foi ó viño, rompeu o xerro
no camiño, mal polo xerro,
mal polo viño, mal polo Manoliño.⁴

Este mundo é todo trampas
eu tamén de trampas vivo
e se non fora polas trampas
o mundo estaría perdido.⁵

¹ Os tres primeiros recólleos D. Manuel Omil

² Quere dicir que non dura o norte.

³ Febreiro con sol, verán chuvioso

⁴ Recolle alumnos da EPA

O Cancioneiro popular nas Rías Baixas

Por Antonio Fraguas Fraguas¹

A praia de Mourisca
 praia de sona elevada
 da besugo, da xurelo
 da robaliza e máis cabala.
 ::::::::::::::::::::

Confusión na noite de tormenta:
 Unha noite de tormenta
 arribamos a Bueu
 pensamos que era sardiña
 e salíunos bocareu.

::::::::::::::::::

No cantigueiro hai un problema plantexado de buscar e atopar moza pra casar con ela, escollemos algúns exemplos. Os mariñeiros volven da illa de Ons:

Vindo dos polvos da illa,
 Con ventíño cascarón
 sentado con el no talmo
 pedínlle a filla o patrón.
 Os marinos, mariñeiros de categoría
 ¡Ei! Rapaces de esta ría
 vamos a Marín por ver
 se algunha de aquelas nenas

quere ser nosa muller,
 e quere con nós casar;
 ¡Ei! Rapaciñas solteiras
 A despedida de solteiros Marín vamos buscar.
 Teño unha dorna listada pra pesca
 teño un amor en Marín, verdadeiro, verdadeiro
 teño peixiños no mar pra collere
 moi pouco me queda solteiro.

::::::::::::::::::

Os saudos viaxes a Bueu.
 Pin, pin
 veño de Marín
 vou para Bueu
 quen te quere a tí
 meniña son eu.
 Dame un bocado de pan
 pola nai que te pareu,

que che hei dar un xurelo
 cando veña de Bueu.
 ::::::::::::::::::::
 Marín pra boas sardiñas,
 pra calamares, Bueu,
 e pra un par de peixes frescos
 o meu irmán e máis eu.

¹ Francisco Fraguas Fraguas en 'O Cancioneiro popular nas Rías Baixas' no curso de conferencias recompiladas no libro 'LAS RÍAS BAJAS Y EL ARCO ATLÁNTICO' editado por CaixaPontevedra, 1995.